

EDITO

En cumprimento do disposto polo artigo 48.2) da Lei 1/97, do Solo de Galicia, faise público que o Pleno da Corporación, en sesión do 26.10.2001, acordou aprobar definitivamente a Modificación Puntual nº 7 das NN.SS. deste Concello, s/ cemiterios. Así mesmo, faise público que a normativa do documento urbanístico aprobado vén establecida pola seguinte Proposta de Ordenación.

"2. **NORMATIVA.**—De acordo cos criterios e finalidades sinalados na Memoria Xustificativa antecedente, engádesse no apartado 2.2.2. "Condicións Xerais de Uso", apartado 2.2.2.9. "Regulación dos restantes usos", o epígrafe seguinte: **Condicións Particulares do Equipamento de Cemiterio:** As condicións urbanísticas de aplicación ós cemiterios, con independencia da clase específica do solo en que cada caso se atopen, suxeitarase ás condicións particulares seguintes: **Tipoloxía:** Adose de nichos ós muros de peche. **Ocupación:** 40%, resto zonas libres. **Edificabilidade:** 0.4 m²/m². **Rúas:** 7,00 metros mínimo. **Altura máxima:** 4 nichos de altura máximo, coas alturas mínimas previstas na lexislación aplicable. **Resto condicións:** De acordo coa normativa sectorial específica: 1.—Decreto 134/1998, de 23 de Abril, de Policía Sanitaria Mortuoria; da Consellería de Sanidade. 2.—Decreto 133/82 de 4 de novembro, polo que se regulan as condicións dos cemiterios de Galicia."

Cambados, a 13 de novembro de 2001.—O Alcalde, José Manuel Cores Tourís. 9100

EDITO

Aprobada inicialmente, polo Pleno da Corporación, en sesión do 26.10.2001, a actualización da Tarifa da Ordenanza da Taxa por Servicio de Abastecemento Domiciliario de Auga Potable, exponse ó público o expediente, polo prazo de trinta días, ós efectos de exame e reclamacións.

De non formularse estas, quedará automáticamente elevado a definitivo o referido acordo inicial.

Cambados, a 8 de novembro do 2001.—O Alcalde, José Manuel Cores Tourís. 9098

EDITO

Aprobada inicialmente, polo Pleno da Corporación, en sesión do 26.10.2001, a actualización da Tarifa da Ordenanza da Taxa por Servicio de Sumidoiros e Depuración, exponse ó público o expediente, polo prazo de trinta días, ós efectos de exame e reclamacións.

De non formularse estas, quedará automáticamente elevado a definitivo o referido acordo inicial.

Cambados, a 8 de novembro do 2001.—O Alcalde, José Manuel Cores Tourís. 9099

MANCOMUNIDADE DO SALNES

EDITO

Quedando definitivamente aprobado o Presupuesto da Mancomunidade do Salnés, para o exercicio económico de 2.001, en virtude do disposto no acordo de aprobación inicial, e dando cumprimento ó establecido polo artigo 150.3 da Lei 39/88, de 28 de decembro, faise público, que dito Presupuesto ascende, tanto en gastos como en ingresos, á cantidade de trescentos vintecinco millóns oitocentas sesenta e oito pesetas (325.868.989 Ptas.), distribuídos, por Capítulos, de acordo co seguinte resume:

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
Cap.	Denominación	Pesetas	Cap.	Denominación	Pesetas
<i>A) Operacións Correntes</i>			<i>A) Operacións correntes</i>		
1	Gastos de persoal	33.327.532	1	Impostos directos	0
2	Glos. bens corr. e serv.	204.727.045	2	Impostos indirectos	0
3	Glos. Financeiros	4.700.000	3	Taxas e outros ingr.	75.000
4	Transf. Correntes	37.829.378	4	Transf. Correntes	285.408.956
			5	Ingr. patrimoniais	300.000
<i>B) Operacións de Capital</i>			<i>B) Operacións de Capital</i>		
6	Inversións reais	40.085.034	6	Enax. Invers. Reais	0
7	Transf. De capital	0	7	Transf. De capital	40.085.033
8	Activos financeiros	0	8	Activos financeiros	0
9	Pasivos financeiros	5.200.000	9	Pasivos financeiros	0
TOTAL GASTOS		325.868.989	TOTAL INGRESOS		325.868.989

Cambados, a 13 de novembro de 2001.—O Presidente, José M. Cores Tourís. 9096

Tribunal Superior de Justicia

Sala de lo Contencioso - Administrativo

SECCION SEGUNDA - LA CORUÑA

EDICTO

Por el presente se hace saber que en providencia dictada en el día de la fecha, por esta Sección Segunda, de la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, se ha acordado admitir a trámite el recurso interpuesto por el Procurador doña María Fara Aguiar Boudín, en nombre y representación de Nicolás Alberte Meixengo, contra acuerdo del Ayuntamiento de Vigo de 19-7-01, por el que se resuelven los r/ reposición contra el acuerdo de aprobación definitiva del proyecto de compensación de la "U.E. do Pepri III Finca do Conde".

Recurso número: 02/0004942/2001.